

CONSELLO TERRITORIAL DO COUTO

Data: 4 de marzo de 2024.

Lugar: Local Social do Couto

Hora de comezo: 19:00 h

Hora de remate: 20:30 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Juan Pablo Mauriz Romero (Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo e Obras)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Gonzalo Iglesias (Partido Popular)
- Olaia Margarita Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Ramón Francisco Couto Bellas (AVV do Couto)
- Xosé Francisco Roade Servia (AVV do Couto)
- José Manuel Couzo Fernández (CD Lodairo)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido deste Consello territorial de primavera, onde se aproveitara para lembrar distintos trámites que deben realizar as asociacións, tal e como indica o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1. Actualización das persoas representantes dos Consellos territoriais e do Consello xeral. Explicación do procedemento, elección das persoas representantes e tarefas para as entidades: presentación da documentación por sede electrónica.

2. Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT e incorporación de novos temas. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que poidan preguntar sobre o estado das cuestións máis relevantes para a veciñanza para

que, dende o Concello, poidan actualizar a información. Engadimos aquelas necesidades e propostas non recollidas en anteriores CT.

3. Actualización do estado dos locais sociais. Actualizamos as necesidades das entidades en relación aos locais sociais e preguntamos sobre os usos por parte das entidades, a posesión de chaves e código, a existencia dun Consello Reitor etc. No caso das parroquias, mencionamos esta necesidade de actualización da información, mais pasamos directamente ao seguinte punto por non aplicar a maioría das preguntas ao só estar activa unha entidade asociativa.

4. Recollida de propostas en relación aos Consellos territoriais e ao Regulamento de participación cidadá. Abrimos un espazo para recompilar suxestións por parte das entidades do territorio e por parte do resto de representantes do Consello.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

1.-Comezamos a sesión explicando a necesidade de actualizar as persoas representantes dos Consellos, explicando o rol das persoas implicadas en cada un dos Consellos, tanto nos territoriais como no xeral.

2.-Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Campo da festa:
 - Dende o CD Lodairo pregúntase cal é a demanda recollida sobre o campo da festa. Dende a asociación veciñal informan de problemas derivados das titularidades, tanto en relación co campo da festa como do cemiterio, que pertencía á comisión parroquial.
- Mellora de camiños:
 - Miguel de Cervantes: Olga Ameneiro informa de que se puxo un radar móbil a 30.
- Toponimia:
 - A asociación veciñal enviou o BOP onde figuran os topónimos a Olga Ameneiro, quen enviou a documentación na Estatística para que valoren como se poden recuperar.
- Parque de xogos infantís:
 - Olga Ameneiro informa de que non se pode ampliar o parque, mais queda recollida a demanda por se fora posible un proxecto a futuro.
 - Cambras do esvaradoiro: Olga Ameneiro informa de que en primavera aplicarase unha pintura especial para evitar eses *calambres*.

- Árbores en mal estado:
 - Rúa da Soria: A veciñanza informa de que as árbores da zona caen cando hai temporais. Fálase sobre a posible competencia de Fomento e tamén sobre a complicación que tería quitalos, xa que sosteñen o terraplén.
 - Campo da festa: Infórmase dunha árbore seca no campo da festa que precisa mantemento.
 - Perímetro campo da festa: Pídese á empresa de xardíns que valoren que facer con estas árbores.
 - Árbores coa casca medio rota: Solicítase dar aviso á empresa de xardíns.

Temas e necesidades novas abordadas no Consello territorial:

- Seguridade viaria:
 - Rúa Vizoso: dende a asociación CD Lodairo informan do mal estado desta rúa, tanto polas fochancas como polas beirarrúas. Pablo Mauriz informa de que deron aviso á Deputación e que puxeron sinalizacións, así como intentan resolver poñendo “parches”, pero non poden asumir todo o que precisaría. Olga Ameneiro completa informando da colocación de conos e cintas e que ese mesmo día solicitou un novo informe policial para trasladar á Deputación. Neste caso hai un problema xa que a Deputación di que as beirarrúas son competencia do Concello, mais dende os Servizos técnicos municipais indican que a titularidade é da Deputación. Silvia de Arriba e Olaia Ledo ofrecen apoio preguntando na Deputación co fin de clarificar esta cuestión e comparten a importancia de que cada administración asuma o que lle corresponde. Proponse enviar unha declaración institucional ou algo de forma conxunta.
 - Rúa da Soria: Infórmase dunha fochanca no cruce dos chalés. Pablo Mauriz informa que xa está feita a valoración e o custo dese arranxo.
- Mantemento das fontes:
 - Fonte do Castro: A asociación veciñal informa de que unha das columnas que suxeita o tellado está gretado e *escarcha* o cemento e solicita a limpeza na saída da auga.
 - Plan de recuperación das fontes: pregúntase polo plan de recuperación das fontes e infórmase de que se aprobou unha moción hai seis meses.
- Pedra na ponte do camiño carro: Pablo Mauriz informa de que se colocou unha pedra para evitar que a xente pasara a tirar cousas nesa zona, mais Costas ordenou retirala. Están alegando para poder recolocala.
 - Urbaser: Menciona que hai un servizo de recollida que non se está a empregar, que a veciñanza deixa os aveños que queren tirar ao lado do colector ou noutros puntos. O único que non recolle son neumáticos. Establécese un diálogo sobre como facer para que a xente deixe de tirar

os *enses* e voluminosos e comece a empregar este servizo ou o que ofrecen outras entidades como Renacer, O Centro de Recursos Solidarios etc.

3.-A continuación, falamos da necesidade de **actualizar o estado dos locais sociais, establecer os Consellos Reitores** naqueles locais onde conviven máis dunha entidade e dedicamos un momento ao rematar o Consello territorial a falar coas asociacións.

4.-Por último, abrimos un espazo para recompilar **suxestións sobre os Consellos territoriais** e o **Regulamento de Participación Cidadá:**

A veciñanza está a gusto co formato de 2 Consellos territoriais ordinarios (máis os extraordinarios que se puideran convocar en función das necesidades). Proponse tamén a posibilidade de convocar Consellos multiterritoriais ou por temáticas, para agrupar a entidades de distintos barrios e parroquias e falar de cuestións concretas que afectan ao conxunto.

PECHE

Olga Ameneiro pecha sesión agradecendo a asistencia e participación e destacando o carácter afable destes espazos grazas á vontade de construír de todas as participantes.

No Couto, a 4 de marzo de 2024.

A Secretaría